

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 50681 (10/CPC-000111)
Da directora da Axencia Turismo de Galicia, por petición propia, para informar sobre o Plan de turismo rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019

Punto 2. Preguntas

- 2.1 48240 (10/POC-007665)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre os efectos que están a ter os recortes nas políticas de I+D+i na xestión e promoción do talento, a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento dos obxectivos na materia reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como os cambios que vai introducir na estratexia de innovación de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019
- 2.2 50491 (10/POC-007942)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis
Sobre as medidas que está a poñer en marcha o Goberno galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores do sector da automoción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019
- 2.3 50820 (10/POC-007960)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o posible peche da empresa Poligal en Narón, así como as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019
- 2.4 51434 (10/POC-007992)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións concretas desenvolvidas pola Xunta de Galicia diante de Abanca para acadar unha solución ao concurso de acredores da empresa Isowat, así como as iniciativas de apoio financeiro ofrecidas ou levadas a cabo polo Instituto Galego de Promoción Económica para garantir a



resolución do concurso e para apoiar o seu futuro industrial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 50681(10/CPC-000111)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia Turismo de Galicia, por petición propia, para informar sobre o Plan de turismo rural

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019


05/06 2019 13:55 FAX 00981541211

0001/0003




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- da directora da Axencia Turismo de Galicia para informar sobre "o Plan de Turismo Rural".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Almado por GARCIA, SEIJO, ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 05/06/2019 13:24:44

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

CVE: 100124889
Validador: https://sede.xunta.gal/validador



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 48240(10/POC-007665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre os efectos que están a ter os recortes nas políticas de I+D+i na xestión e promoción do talento, a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento dos obxectivos na materia reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como os cambios que vai introducir na estratexia de innovación de Galicia

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 12:09:18
Nº Rexistro: 48240
Data envío: 28/03/2019 12:09:18.574

Á Mesa do Parlamento

Abel Fermín Losada Álvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Lamentablemente, a política económica dos gobernos conservadores, tanto en Galicia como en España, desenvolveu un modelo económico, baseado na “devaluación salarial”, é dicir, a baixada dos salarios dos traballadores, especialmente dos menos cualificados, como mecanismo para incrementar a competitividade da nosa economía.

Os Socialistas vimos denunciando esta estratexia, que é equivocada desde un punto de vista económico, e profundamente inxusta, desde un punto de vista ético e social. O resultado é por todos coñecido, unha sociedade máis dual, máis inxusta, cunha progresiva concentración da riqueza, con salarios baixos e precarios, e taxas de beneficio do capital cada vez máis altas.

Non existe ningunha discusión teórica sobre o feito de que o elemento central para facer as economías máis capaces de competir internacionalmente é a innovación. Os datos recentemente publicados polo INE sobre I+D+i correspondentes ao ano 2017 teñen mostrado claramente a opción de política económica tomada polos gobernos conservadores.

Recortes en I+D+i, ou o que é o mesmo, mirar cara ao sueste de Asia ou ao norte de África, no canto de mirar ao norte de Europa. O gasto en I+D+i no ano 2017 situouse en Galicia no 0,89 % do PIB.

Estes datos de I+D+i reflicten, unha vez máis, a estratexia industrial da Xunta de Feijóo, e poñen de novo encima da mesa que a axenda de industrialización do Goberno galego é mera propaganda, cando falamos dun sector estratéxico que perdeu máis de 20.000 postos de traballo desde o ano 2009.

Son datos que seguen a darnos a razón aos que cuestionamos a política industrial da Xunta, Galicia ten o 6 % da poboación de España e o 5 % do PIB, pero o gasto en innovación só supón o 3,6 % do total estatal.

O último informe da Fundación Cotec para a Innovación 2019, sobre o mapa de talento en España, sitúa Galicia á cola de España cun menor uso da innovación

CSV: UaELUNd6r7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 12:09:18
Nº Rexistro: 48240
Data envío: 28/03/2019 12:09:18.574

polas empresas, así o I+D+i non se traduce en máis patentes, novos produtos ou exportacións de alto valor engadido.

Somos a segunda autonomía, só por detrás de Estremadura, cun menor impacto do I+D nas empresas, é dicir, a actividade investigadora e innovadora non termina de materializarse en novos produtos.

No seu informe, a Fundación Cotec recomenda que se favorezan políticas públicas dirixidas ao desenvolvemento de novas actividades emprendedoras. Outro sinal do fracaso das políticas de innovación é a escasa capacidade para atraer capital estranxeiro, sendo a terceira comunidade pola cola.

Estes datos confirman que a suposta Axenda Industrial da Xunta non é máis que a historia dun fracaso e a estratexia da internacionalización, sobre todo para atraer capital estranxeiro, unha campaña de publicidade e propaganda; xa que estas estratexias só son posibles en territorios que apostan dunha maneira clara pola innovación.

Recortes sistemáticos no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación que ten efectos moi negativos no ámbito industrial, de servizos e mesmo educativo. Unha menor competitividade do sistema económico, e tamén do sistema universitario; cunha incapacidade obxectiva para desenvolver proxectos de investigación e carreiras investigadoras solventes e sostidas no tempo.


Esta é a terceira lexislatura que non só está perdida para Galicia en termos de I+D+i, senón que estamos a vivir dúas lexislaturas de retroceso grave para a I+D+i da Comunidade Autónoma. De feito, a xestión do Goberno autonómico en I+D+i ten sido criticada pola comunidade científica, pola oposición no Parlamento de Galicia, e mesmo polo tecido produtivo industrial.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia que os recortes nas políticas de I+D+i teñen un efecto negativo na xestión e promoción do talento?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que se están a cumprir os obxectivos en termos de investigación e innovación recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia algún reforzo ou cambio na estratexia de innovación en Galicia que reforce a nosa posición como economía innovadora? De ser así, cales serían eses cambios?



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 12:09:18
Nº Rexistro: 48240
Data envío: 28/03/2019 12:09:18.574

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2019


Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 12:03:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 12:03:45

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2019 12:03:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2019 12:03:56



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 50491(10/POC-007942)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as medidas que está a poñer en marcha o Goberno galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores do sector da automoción

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019

A Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No programa electoral có que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, adquirimos o compromiso de “Adaptar a formación ás necesidades do mercado laboral e as exixencias dos sectores emerxentes e á industria 4.0”.

Un destes sectores é o da automoción. Todos somos conscientes da súa importancia e da necesidade de seguir sumando esforzos para dar unha resposta coordinada ao reto da dixitalización nesta industria para que Galicia prolongue o seu liderado, como pon de manifesto que o 66% da súa facturación corresponde a vendas no exterior, ata acadar a cifra de 5.740 millóns de euros o pasado ano. Este sector ten, ademais, un carácter estratéxico para o conxunto da sociedade galega xa que emprega a 20.800 persoas. Un destes sectores é o da automoción. Todos somos conscientes da súa importancia e da necesidade de seguir sumando esforzos para dar unha resposta coordinada ao reto da dixitalización nesta industria para que Galicia prolongue o seu liderado, como pon de manifesto que o 66% da súa facturación corresponde a vendas no exterior, ata acadar a cifra de 5.740 millóns de euros o pasado ano. Este sector ten, ademais, un carácter estratéxico para o conxunto da sociedade galega xa que emprega a 20.800 persoas.

Estamos ante unha industria moi internacionalizada e competitiva na que todos os países están investindo moito diñeiro en tecnoloxía, en innovación e, sobre

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:24:58
Nº Rexistro: 50491
Data envío: 03/06/2019 18:24:58.280

todo, en formación dos seus traballadores. Para poder seguir sento punteiros neste contexto é fundamental atender os novos perfís profesionais que demandan especificamente as empresas da automoción galega, ademais de acompañalas, como ata o de agora, nos retos de modernización, mellora da produtividade e desenvolvemento da I+D+i.

Así pois, é destacable o novo programa Emprega Automoción do Goberno galego que permitirá a mellora da capacitación de 9.000 traballadores deste sector ata 2020, a través de iniciativas pioneiras como as unidades formativas nas empresas para desempregados e ocupados ou o bono Emprega Automoción, co que se financiará a formación de novos profesionais con cursos á medida.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a poñer en marcha o Goberno Galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores da automoción?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 03/06/2019 18:22:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/06/2019 18:22:41

Maria Antón Vilasánchez na data 03/06/2019 18:23:03

Moisés Blanco Paradelo na data 03/06/2019 18:23:19

Marta Novoa Iglesias na data 03/06/2019 18:23:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV REXISTROKXVITZcPD5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:24:58
Nº Rexistro: 50491
Data envío: 03/06/2019 18:24:58.280

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/06/2019 18:23:56

Sandra Vázquez Domínguez na data 03/06/2019 18:24:15



CSV REXISTROKKVITZcPD5

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 50820(10/POC-007960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o posible peche da empresa Poligal en Narón, así como as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:39:02
Nº Rexistro: 50820
Data envío: 06/06/2019 13:39:02,548

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao posíbel peche da planta de Poligal en Narón e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Poligal é unha empresa situada en Narón que desenvolve fabricación de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido.

O pasado 22 de febreiro de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento do anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta ferrolá. Esta foi e é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Ferrolterra e o país enteiro a un deserto industrial.

Trátase dunha empresa rendíbel, como demostra que até o último momento tivera previsión de carga de traballo a longo prazo. Así mesmo, esta empresa ten unha fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018. Sorprende polo tanto que esta situación

CSM-REXISTROH7q5oqfF9
Comisión 6ª
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:39:02
Nº Rexistro: 50820
Data envío: 06/06/2019 13:39:02.548

sexa exclusiva para Narón e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos coas forzas sindicais a lectura de que se trata dunha deslocalización encuberta.

No mes de marzo impulsáronse no Parlamento Galego diversos acordos para sumar a prol dunha solución e desde entón tamén as e os traballadores téñense mobilizado demandando unha saída e poñendo todo o esforzo da súa parte. No momento de asinar a iniciativa as organizacións sindicais están a demandar do administrador concursal que non limite o período de consultas aos 30 días establecidos na lexislación porque necesitan tempo para buscar unha alternativa de continuidade para a fábrica de Narón. Así mesmo, denuncian a pasividade da Xunta de Galiza e demandan que se dea un novo impulso ao traballo da mesa técnica para que os proxectos formulados se convirtan en alternativas viábeis.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que valoración fai o goberno galego das actuacións postas en marcha para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón?

Como valora o funcionamento e traballo da Mesa constituída?

Cal é a opinión que lle merecen os informes encargados?

Coñece a Xunta de Galiza se hai posibilidades dun comprador neste momento?
Que vai facer para favorecer unha saída?

CSV REXISTRO: ROH7qboq5f9
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:39:02
Nº Rexistro: 50820
Data envío: 06/06/2019 13:39:02.548

Tense reunido no mes de xuño ou vaise reunir a Xunta de Galiza co comité de empresa para ter unha folla de ruta común e coordinada?

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para impedir esta deslocalización encuberta?

Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial en Narón e na comarca da Ferrolterra?

Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía das comarcas de Ferrolterra da Coruña e a súa contorna? E do conxunto do país?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV REXISTRO: ROH7q5oq5f9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:39:02
Nº Rexistro: 50820
Data envío: 06/06/2019 13:39:02.548

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 13:25:59

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 13:26:12

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:26:20

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:26:28

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 13:26:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 13:26:54



CSV REXISTRO: ROH7q5oq5f9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 27.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 51434(10/POC-007992)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións concretas desenvolvidas pola Xunta de Galicia diante de Abanca para acadar unha solución ao concurso de acredores da empresa Isowat, así como as iniciativas de apoio financeiro ofrecidas ou levadas a cabo polo Instituto Galego de Promoción Económica para garantir a resolución do concurso e para apoiar o seu futuro industrial

Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 18:28:38
Nº Rexistro: 51434
Data envío: 12/06/2019 18:28:38.392



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6ª, relativa as actuacións da Xunta de Galicia ante a entidade financeira Abanca para conseguir unha solución ao Concurso de Acredores de Isowat.

No pleno do 11 de xuño de 2019 foi aprobada por unanimidade con modificacións unha PNL de En Marea que no seu punto terceiro instaba ao Goberno a:

“Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un investidor ou posible comprador e para facilitar un acordo rápido e razoable co principal acredor no concurso da mesma que posibiliten un novo futuro á compañía, tendo en conta as posibles garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispón o Igape.”

Ante todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- 1.- Que actuacións concretas ten desenvoltas a Xunta de Galicia ante Abanca, o principal acredor no concurso de Isowat, e con que resultados?
- 2.- Que iniciativas de apoio financeiro á empresa Isowat ofreceu ou desenvolveu o IGAPE para garantir a resolución do concurso e apoiar o seu futuro industrial?

CSA-REXISTRO576DMU9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramlas/csv/>





Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 12/06/2019 18:26:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 18:28:38
Nº Rexistro: 51434
Data envío: 12/06/2019 18:28:38.392



CSV REXISTRO51757eDMU9
Vídeo
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>